

# O PAN DA GUERRA (THE BREADWINNER)

Nora Twomey, 2017

# 542

ESTREA EN NUMAX: 14.06.2019 | V.O.S.E. | +12

*The Breadwinner* (2017, 93')

**Dirección:** Nora Twomey

**Guión:** Anita Doron, Deborah Ellis (Libro: Deborah Ellis)

**Son:** Nelson Ferreira

**Montaxe:** Darragh Byrne

**Dirección de arte:** Ciaran Duffy, Reza Riahi

**Música:** Jeff Danna, Mychael Danna

**Produtora:** Cartoon Saloon, Aircraft Pictures, Gaia Entertainment (Irlanda, Canadá, Luxemburgo, EEUU)

**Distribuidora:** El Sur Films

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Inglés

## PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 2017 (Nomeado a Mellor Filme de Animación), Globos de Ouro 2017 (Nomeado a Mellor Filme de Animación) Annecy 2018 (Premio do Xurado, do Público e Mellor Música), Premios do Cinema Europeo 2018 (Nomeado a Mellor Filme de Animación), Annie 2017 (Mellor Filme Independente)

## FILMOGRAFÍA

*El secreto del libro de Kells* (co-directora), 2009

*Cúilín Dualach* [curtametraxe], 2004

*From Darkness* [curtametraxe], 2002

## SINOPSE

Parvana é unha moza de once anos que vive na capital de Afganistán, Kabul, durante o período de dominio dos talibáns. Ao ser detido seu pai, os membros da familia fican sen recursos e, debido a que as mulleres teñen prohibido gañar diñeiro, deciden transformar a Parvana nun rapaz para poder traballar.

«Traballa os seus temas con sensibilidade e respecto, convertendo unha historia sobre o papel da muller nunha sociedade machista e patriarcal nun filme tan enriquecedor como divulgativo e mesmo lúdico»

Pablo González Taboada, CINEMANÍA



# O PAN DA GUERRA (THE BREADWINNER)

Nora Twomey, 2017

EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

## “Hai algo na forma humana e a súa tradución a través da man dun artista que lle dá unha sensibilidade extra”

### Entrevista con Nora Twomey

Por María Fernanda Mugica

#### Pensas que as historias nos axudan a lidar coa nosa realidade?

Absolutamente. Cando presentamos *The Breadwinner* en Toronto unha persoa do elenco trouxo con ela ao seu pai, que vivira en Afganistán durante a invasión rusa e nunca falara sobre o que vira nesa época. Despois de velo, collendo da man á súa filla falou na súa lingua materna sobre os recordos que o filme lle provocou. Creo que para el ver que a súa filla é parte de algo que ten que ver con preservar a memoria do sufrimento do seu pobo axudouno a lembrar e contar. O poder transformador das historias velo todos os días. Incluso o propio proceso de filmar é unha forma de ordenar o noso propio caos. É algo infinitamente interesante para min, non teño todas as respostas pero sigo explorando.

#### Que é o que che interesa da animación en xeral e da tradicional en particular?

Sempre me interesou o feito de que sacarme unha foto e facerme un debuxo

son cousas completamente distintas. É difícil explicalo en palabras. Hai algo na forma humana e a súa tradución a través da man dun artista que lle dá unha sensibilidade extra. Facelo a 12 debuxos por segundo durante todo o que dura un filme é incríbel. Equipos de varias persoas debuxan un personaxe. Para min é máximo que a xente poida ver esas liñas debuxadas movéndose nunha pantalla e sentir emoción, e que eses personaxes sexan reais. Usar iso para contar historias como a de *The Breadwinner*, sobre unha moza atravesando algo traumático, é moi especial. Creo que se vises esta mesma historia nun filme con actores terías unha resposta emocional moi distinta, terías que distanciarte do personaxe para protexerte. A animación permite ir máis lonxe cun personaxe como Parvana. Persoalmente non podería ver este filme cunha moza real pasando por esas situacións. A animación permite traspasar ese límite.

#### Que che parece tan atractivo das historias do folclore para adaptalas en animación?

É interesante porque así como falabamos de que a animación é como unha forma destilada para o cinema, as historias do folclore son tamén unha forma destilada de narración. Distintas culturas de todo o mundo teñen historias similares que expresan cousas parecidas. As xeracións van transformando esas historias converténdooas no que esa comunidade necesita nese momento. Por exemplo, Cincenta significaba algo distinto para min cando era moza a agora, que me

parece unha historia perigosa. Algunhas destas historias contábanse para controlar ás mulleres.

**É importante para ti incluír a perspectiva de xénero nos teus filmes?** Este ano máis que nunca sentín a responsabilidade de facerme máis visíbel como muller cineasta e tamén contar a historia dunha moza que se nega a que a súa feminidade sexa definida pola súa roupa ou o longo do seu pelo. Non sei se se vai clasificar este filme na categoría de «filme de mulleres con temas sobre mulleres» e que para o ano xa non se considere relevante. Creo que é unha responsabilidade de todas as mulleres da industria cinematográfica que siga séndoo. Encantaríame que os meus fillos vivisen nunha época na que o xénero non importa. Gustaríame que tanto os personaxes como os realizadores puidesen ser o que son, coa súa alma, e que non importe o xénero. Desafortunadamente hai unha enorme desigualdade na industria pero tamén cambios positivos. Por exemplo, Pixar anunciou que a súa próxima curta terá unha directora. Así que é algo positivo pero dalgunha maneira tamén unha carga.

Publicado en <https://www.lanacion.com.ar>  
Tradución: Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

*El viaje de Parvana,*  
Deborah Ellis. Edelvives

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

## ANA XA TEN O SEU ABONO

E ti, a que  
agardas para  
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX  
e queres compartilo,  
fai unha foto co teu  
abono e compártea.  
#eusondenamax

